

---

## A PEQUENA FAMILIA

Texto de SESYLE JOSLIN

Ilustracións de JOHN ALCORN

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

---

Encadernado en cartonné. 19 x 25 cm. 48 páx. 16 €

**A pequena familia** (galego)

ISBN 978-84-1343-213-7. Álbum ilustrado. Tras os montes.

**La pequeña familia** (castelán)

ISBN 978-84-1343-214-4. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**La petita família** (català)

ISBN 978-84-18558-63-4. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**Familia txikiá** (euskara)

ISBN 978-84-9172-321-9. Álbum ilustrado. Gaur egungo klasikoak.

**A pequena família** (portugués)

ISBN 978-989-749-168-9. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**La piccola famiglia** (italiano)

ISBN 978-84-1343-201-4. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Na casa

está o salón,

e no salón

están o pai




e a nai

e o bebé....

Publicado en Nova York en 1964, «A pequena familia» contén catro relatos breves, sorprendentes e deliciosamente absurdos. Trátase de construcións moi sinxelas estruturadas sobre a base da acumulación e a repetición de elementos ata alcanzar un final inesperado e humorístico.

Xunto cos divertidos textos de Sesyle Joslin destacan as ilustracións de John Alcorn, un referente histórico da ilustración pop: chama a atención o vistoso colorido das escenas, con debuxos de trazos finos e estilo neoclásico. A súa obra caracterízase pola frescura, a creatividade e a elegancia dos seus deseños, en que priman a xeometría das composicións, alén de integrar a tipografía, explorando as súas posibilidades plásticas e comunicativas.

Un anexo final ofrece un glosario bilingüe galego-inglés para perfeccionar o vocabulario con palabras básicas do ámbito doméstico, familiar, lúdico...



■ **Temática:** relatos breves, *nonsense*.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor; texto acumulativo, repetición; vocabulario básico galego-inglés, historia da ilustración.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-pequena-familia-g>

### Sesyle Joslin

(Estados Unidos, 1929)

Autora de literatura infantil, traballou como asistente editorial e columnista na coñecida publicación The Country Gentleman Magazine. Tamén foi axudante de produción do director Peter Brooks para a adaptación cinematográfica da novela «O señor das moscas» (1963). Co seu marido, o escritor Al Hine, publicou varios libros que asinou tanto co seu nome como baixo diferentes pseudónimos. Pola obra «What do you say, dear?», ilustrada por Maurice Sendak, recibiu a Medalla Caldecott en 1959 e foi distinguida como ALA Notable Children's Book.

### John Alcorn

(Estados Unidos, 1935 - 1992)

Prestixioso deseñador gráfico e ilustrador, estudou no centro de artes e ciencias The Cooper Union, en Nova York. Empezou traballando para Esquire Magazine e CBS. Foi un dos fundadores do coñecido Push Pin Studios, en 1954. Ilustrou numerosas portadas de libros, anuncios, carteis, libros infantís... Entre 1971 e 1977 trasladouse a Italia, onde colaborou co director de cine Federico Fellini realizando os carteis e os créditos dalgúns dos seus filmes. Recibiu o primeiro premio da Feira Internacional de Boloña en 1968, a medalla Augustus Saint-Gaudens en 1970, os premios da Sociedade de Ilustradores e do Instituto Americano de Artes Gráficas, entre outras distincións.

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---